

Destrucción a toda costa

Xullo 2006



GREENPEACE

A scenic view of a coastline with a forested hillside and a small boat in the water. The image is overlaid with a blue tint. The word 'Gal' is written in large white letters on the right side of the image.

Gal

Na costa galega estendeuse moito a utilización dun novo termo, “marbellización”, utilizado para expresar o perigo da saturación urbanística que ameaza con desintegrar os seus valores e as súas riquezas naturais. Os datos están aí e son para asustarse: 600.000 vivendas, 17 campos de golf e 24 portos deportivos están previstos no litoral galego nos próximos anos. 1.200 dos seus 1.720 km de costa están ameazados polo cemento.

Desde a Xunta de Galicia asegúrase que se lle vai poñer remedio ao asunto pero a presentación de todos estes proxectos urbanísticos, como consecuencia da finalización do prazo de dous anos dado pola Lei do Solo do Goberno Fraga para “adaptar” os plans urbanísticos dos municipios, trasladou á costa galega a imaxe dun urbanismo máis propio do levante ou da Costa do Sol.

O compromiso da Xunta para elaborar unhas Directrices de Ordenación do Territorio no prazo dun ano deben ir acompañadas dunha **moratoria sobre os novos plans urbanísticos** ata a súa aprobación; doutro xeito, estaremos asistindo á mesma farsa que xa coñecemos noutras zonas do litoral: os prazos para a entrada en vigor de novas leis unicamente serven para incentivar máis aínda a construción.



icia

No que se refire ao turismo, as costas galegas, recuperadas do “efecto Prestige”, enfróntanse á nova ameaza: a urbanización masiva. O reto da Xunta de Galicia é acabar co caos urbanístico da costa galega sen substituílo pola masificación, cuestión complicada á vista da situación actual na que non se respectan nin os tramos de litoral que foron protexidos. Os espazos declarados Lugares de Interese Comunitario (LICs) para integralos na Rede Natura 2000 europea enfróntanse á súa degradación pola situación de urbanizacións, campos de golf ou plantas de acuicultura no seu interior.

Recentemente o Parlamento galego solicitou a transferencia das competencias estatais sobre o dominio público marítimo-terrestre pero, á vista da complexa e densa situación do urbanismo no litoral desta comunidade, non parece a mellor medida se do que se trata é de preservar o litoral.

Urbanizacións, campos de golf e portos deportivos para atraer máis turistas. No caso destes últimos, é imprescindible que vexa a luz canto antes o anunciado **Plan Director de portos deportivos**. Ao igual que coa construción, a Xunta debería decretar unha **moratoria sobre novas instalacións** ata que o Plan entre en vigor.

As actuacións do Ministerio de Medio Ambiente nas costas galegas non foron encamiñadas a protexelas do cemento de maneira efectiva. Decenas de proxectos de recuperación de espazos naturais acompañáronse dunha vintena de paseos marítimos cuxo custo supera as previsións orzamentarias que ten o ministerio para comprar fincas e protexelas en todo o litoral español. Ante este feito hai que preguntarse se “compran” máis vontades os paseos marítimos ou a protección da costa. Se é así, algo está facendo mal esta administración que debería explicarlles aos cidadáns a importancia da conservación do litoral e iso non se fai cementándoo. Acabar coa multitude de vivendas e construcións ilegais que xurdiron no litoral galego nas últimas dúas décadas debería ser unha prioridade para este ministerio.

Mención especial merecen os novos proxectos de plantas de acuicultura. O goberno Fraga deixou aprobado un plan sectorial que triplicaba as actuais instalacións e situaba unha gran parte das novas plantas en espazos naturais protexidos. As protestas conseguiron que a Xunta de Galicia se comprometa a revisar estes proxectos. O propio presidente declarou que a acuicultura non pode desenvolverse a conta dos espazos protexidos. A Xunta ten a obriga e o deber de converter estes espazos protexidos nunha fonte de



Nave con publicidade de FADESA en Perbes, A Coruña.

riqueza para os seus habitantes a través de diversas actuacións.

A gran materia pendente do litoral galego é a contaminación. Galicia incumpre a normativa europea en canto a depuración de augas residuais ata uns límites que cruzan a barreira do intolerable. O 40% dos principais núcleos urbanos de Galicia non depuran os seus vertidos e máis de cincuenta municipios que agrupan a 650.000 habitantes verten os seus residuos sen tratar directamente ao mar. Nin as multas nin as condenas que chegan da Unión Europea parecen ser dabondo para facer comprender a gravidade do problema ás administracións galegas. Quizais a promesa do turismo o consiga.

Urbanización e Turismo

A normativa urbanística herdada pola Xunta de Galicia, a controvertida Lei do Solo que puxo en marcha o Goberno anterior en 2003, daba un prazo de dous anos a todos os municipios para “adaptar” o seu urbanismo á nova lexislación. O resultado non se fixo agardar: cerca de setenta municipios costeiros presentaron os seus novos plans urbanísticos, que suporán 600.000 novas vivendas, co

que se aumenta en máis dun 80% a edificabilidade da franxa costeira nos próximos anos. Metrovacesa na costa de Vigo, a construtora do ex futbolista Valery Karpin na Guarda, Lábaro Grupo Inmobiliario na Costa da Morte, ACS, de Florentino Pérez, na Mariña lucense, Fadesa, Urbis, Vallermoso... As maiores inmobiliarias do Estado reunidas no litoral galego.

Desde a Xunta de Galicia anunciáronse varias medidas como a próxima aprobación das **Directrices de Ordenación do Territorio**, un plan integrado de protección do litoral e unha axencia de protección da legalidade urbanística. O presidente da Xunta, Pérez Touriño, ofreceu un “gran pacto para terminar coa especulación na costa”. Ademais, o control urbanístico do litoral pasou da Consellería de Pesca á de Política Territorial.

Con todo, as mensaxes transmitidas desde a Xunta de Galicia son contraditorias. Os seus responsables urbanísticos apoian a expropiación de fincas e vivendas para a construción de grandes urbanizacións privadas a través do **concesionario de obra pública**, figura introducida na Lei de ordenación urbanística de 2003 para paliar a hipotética “falta de solo urbanizable en Galicia”. A figura deste promotor inmobiliario que pode expropiar terreos privados ao seu antollo é unha copia do axente urbanizador da Lei reguladora da actividade urbanística da comunidade valenciana, xa

O concesionario de obra pública: porta aberta á especulación

A figura do “concesionario de obra pública” é a dun promotor inmobiliario e está creada na Lei de ordenación urbanística de Galicia. Permite a unha construtora expropiar terreos ou vivendas para realizar un novo proxecto de urbanización. Calquera concello que teña solo para urbanizar pon nas mans deste concesionario o terreo para urbanizar e é el o encargado de expropiar os terreos con ou sen o acordo dos propietarios. Os defensores afirman que se evita así a especulación dos pequenos propietarios pero, quen se preocupa dos grandes especuladores?

derrogada, debido á condena da Comisión Europea (ver capítulo de urbanismo da Comunidade Valenciana).

O Valedor do Pobo amoestou os rexedores de varios municipios onde o crecemento urbanístico é elevado: Sanxenxo, O Grove, Padrón, Ribeira ou Noia. Pero non son os únicos municipios onde o urbanismo é a estrela: Sada, Narón, Vilanova...

Nos novos Plans Xerais de Ordenación Municipal (PXOM) presentados no litoral, unha trintena de municipios aumentan a súa edificabilidade en máis do 100%, aínda que se chega a un aumento do 200% en nove localidades costeiras: **Illa de Arousa, Meaño** (con 2.000 vivendas na actualidade, propón a construción de 21.818 novas casas), **A Pobra do Caramiñal, Ribeira, Outes, Mugardos, Sada, Ortigueira** (con 5.300 habitantes propón a construción de 65.000 casas na próxima década, co que aumenta a súa edificabilidade un 1.230%) e **Pontedeume**. En cifras absolutas, o maior incremento é o de **Vigo**: 144.000 novas casas, unha cifra superior ás 123.500 existentes. No extremo contrario destaca **Camiñas**, que non propón a construción de máis vivendas.

Na costa da provincia de **Lugo**, que ata o momento tiña un dos índices máis baixos de urbanización do seu primeiro quilómetro de costa, **Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Foz, Barreiros ou Ribadeo**, municipios costeiros da comarca da Mariña, outorgaron xa as licenzas para a construción de 6.000 novas vivendas. Esta zona é considerada polos promotores inmobiliarios como un auténtico “bombón”, ou como se di na xerga, “a zona co maior auxe expoñencial” de toda a costa galega.

Todo vale. Algúns municipios están dispostos a urbanizar sen ter en conta a legalidade. En abril a Consellería de Política Territorial iniciaba o expediente de suspensión das Normas subsidiarias do planeamento municipal de **Viveiro** pola súa incompatibilidade coa lexislación urbanística vixente e a preservación dos valores naturais e culturais do municipio. Entre as ilegalidades destaca a clasificación como solo urbanizable de espazos litorais xunto ao río Landro e as súas marismas.

No litoral da provincia da **Coruña**, a Costa da Morte, que segundo as proxeccións de poboación do Instituto Galego de Estatística é a única zona do litoral galego que perde poboación, converteuse nun reclamo para as construtoras.

En **Laxe** aínda non se retirou o proxecto da construtora Fadesa para construír 190 vivendas en primeira liña de praia e un campo de fútbol. Os terreos elixidos para a urbanización foron recualificados pola Xunta de Galicia a finais de 2004, a pesar de que estaban catalogados como LIC da Rede Natura 2000 europea. Só a ruptura do acordo entre os propietarios e Fadesa impediu que se leve a cabo a construción.

En **Muxía**, a aprobación do Plan Xeral de Urbanismo veu acompañada de acusacións de corrupción. A oposición denunciou que o cuñado do alcalde popular, Alberto Blanco, comprou terreos na zona do Vilar, onde se aprobaron posteriormente convenios urbanísticos.

Na localidade de **Fisterra**, 13 empresas constrúen cerca de 600 apartamentos e vivendas unifamiliares fronte á praia de Langosteira,



Construcións nas praias de Fisterra, A Coruña.

que alcanzarán os prezos máis elevados ata o momento neste tramo de costa.

Un dos escándalos urbanísticos nos que tivo que intervir a Consellería de Política Territorial foi a suspensión das normas urbanísticas de **Sada**, moi cerca da cidade da Coruña, ao detectar graves irregularidades. A Xunta de Galicia determinou que o PXOM é “**ilegal, especulador e favorecedor do amiguismo**”. O plan prevía construír, nunha superficie de 5 millóns de metros cadrados, 31.481 vivendas (en 2001 Sada tiña algo máis de 7.600 vivendas). Nos planos do novo plan urbanístico nin sequera viña recollido o límite da zona de protección de Costas. O proxecto máis agresivo, Porto Infanta, supoñía un apantallamento no areal do Morazón, prohibido pola Lei de costas. O proxecto acumula dúas sentenzas de ilegalidade emitidas polo Tribunal Superior de Xustiza en 2004 e 2005. Os demandados foron o Concello de Sada e a promotora da urbanización, a Sociedad Anónima Internacional de Terrenos y Edificios (Saite), empresa filial do Banco Pastor. A promotora proxectaba construír 469 vivendas, un hotel, zonas comerciais, escolares e deportivas.

Hai outros casos onde as urbanizacións tamén van acompañadas de ilegalidades e corrupción.

En **Oleiros**, a Consellería de Política Territorial impuxo unha multa á urbanización Las

Galeras por construír sobre o dominio público marítimo-terrestre de forma ilegal. O alcalde desta localidade, Ángel García Seoane, está acusado pola oposición de beneficiarse economicamente da recualificación dun terreo de 87.000 metros cadrados que lle suporían unhas ganancias de un millón de euros.

En **Caamaño** existen plans para construír un complexo residencial e turístico con campo de golf incluído. Parte do complexo sitúase sobre un Lugar de Interese Comunitario (LIC) da Rede Natura 2000.

Entre **Perbes e San Xoán de Vilanova**, as obras de construción dun campo de golf e 1.500 vivendas que realiza Fadesa ocasionaron a morte dos bancos de ameixa e berberecho da desembocadura do río Xarío, na praia Grande de Miño, debido ao gran volume de áridos vertidos durante a construción do complexo urbanístico.

No litoral da provincia de **Pontevedra**, onde se concentra a maior cantidade de urbanizacións e onde o clima é máis benigno, as noticias sobre proxectos urbanísticos repítense.

En **Sanxenxo** aprobouse a construción de máis de 1.200 vivendas co que se incumpren as directrices sobre densidade e formación de pantallas arquitectónicas da Lei de costas e

da Lei de ordenación urbanística e do medio rural de Galicia. O novo PXOM prevé a construción de 7.000 vivendas máis (un 82% das actuais). O seu alcalde é promotor inmobiliario de profesión.

En **Pontevedra** hai proxectada unha operación inmobiliaria en terreos ocupados pola madeireira Tafisa. As pretensións para estes terreos, pertencentes ao dominio público marítimo-terrestre e que deberían volver ser públicos e adecuarse para o uso e goce dos cidadáns, pasan pola construción de 700 vivendas en primeira liña de mar. Outra das recualificacións que están no aire é a dos terreos de dominio público marítimo-terrestre onde se asenta a fábrica de Ence en Lourizán.

Vigo propón no seu plan xeral un crecemento de 144.000 vivendas de nova construción nos próximos vinte anos, o que suporía dobrar o

parque actual. O PXOM, a pesar de que foi modificado, incumpre máis de 60 recomendacións da Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia.

En ocasións a xustiza e os cidadáns botan abaixo os proxectos de promotores e concellos.

No **Grove** coñecíase en febreiro unha sentenza que condenaba a tres anos de prisión o construtor Florencio Magdalena por un delito continuado contra a ordenación do territorio, ademais ordénase a demolición das obras ilegais que debe ser custeada polo infractor. As obras ilegais sitúanse na zona de protección de Costas.

En **Cangas do Morrazo** as protestas da veciñanza conseguiron paralizar o novo plan de urbanismo, a pesar de que o concello xa asinara dous convenios urbanísticos polos que

O caso da papeleira Ence

En distintos puntos de Pontevedra a miúdo os veciños teñen que soportar cheiro a podre. Este cheiro procede da Empresa Nacional de Celulosa (Ence), situada na ría de Pontevedra desde 1957, o vento encárgase de arrastralo e levalo dun lugar a outro. A papeleira ocupa terreos do dominio público marítimo-terrestre e, segundo a Lei de costas, ten de prazo ata o 2018 para trasladarse e deixar libre esta zona.

Pero tanto a dirección da empresa, como administracións, sindicatos e partidos políticos, intentan eludir a Lei de costas e buscan algún “apaño” que reteña a unha empresa que en 2002 foi condenada por un delito ecolóxico continuado de contaminación dos fondos da ría, que acumulan mercurio e outros derivados químicos vertidos desde a fábrica.

En marzo saían á luz os fraudulentos intentos auspiciados polo PSOE e o BNG para

que a Autoridade Portuaria de Marín reclamase a competencia territorial destas instalacións. Unha vez nas mans da autoridade portuaria, os 600.000 metros cadrados serían recualificados como terreos urbanizables (unha fórmula moi utilizada polas autoridades portuarias, coma a da Coruña) co que se obteñen pingües beneficios e se privatizan uns terreos que nunca deberon deixar de ser públicos.

Desde a Concellaría de Urbanismo de Pontevedra asegúrase que no novo PXOM, os plans para os terreos onde se asenta actualmente a papeleira inclúen a recuperación da zona e non a súa urbanización, pero haberá que seguir moi de cerca este caso para comprobar se os terreos son finalmente restituídos ao dominio público marítimo-terrestre para o uso e goce dos cidadáns. Só daquela deixará de cheirar a podre.



© Foro social pola Defensa do Pobo, Cangas

Multitudinaria protesta contra o Plan Xeral de Cangas do Morrazo.

cobrou tres millóns de euros de adianto: un para construír 5.000 vivendas na ría de Aldán e un segundo para situar un porto deportivo e 1.000 vivendas unifamiliares nunha antiga fábrica de conservas da empresa Residencial Marina Atlántica SA. O proxecto ocuparía 250.000 metros cadrados da lámina de auga que actualmente ten autorización para mariscar ostra, ameixa e navalla. Desde hai máis de oito meses un grupo de veciños agrupados no “Foro social pola defensa do pobo” da localidade montan garda diaria para impedir o inicio das obras, temendo a coñecida política de feitos (neste caso, obras) consumados.

Cara a onde vai o turismo?

O turismo está gañando peso na economía galega ao tempo que perde influencia a nivel estatal. Entre 1999 e 2004 a achega do turismo ao PIB galego aumentou dúas décimas e situouse no 11,6%. Pero, coma noutras zonas costeiras, o turismo en Galicia empeza a ser sinónimo de ladrillo. A construción de segundas residencias é un investimento “de alta rendibilidade”, as vivendas que se compraron en 2002 na costa galega revalorizáronse un 50%.

A febre dos campos de golf chegou tamén á costa galega. Pero non porque haxa unha demanda social que reclame estas instalacións,

senón polo negocio que supón recualificar uns terreos rústicos (tras unha “oportuna” modificación do PXOM) para situar unha destas instalacións e construír ao seu arredor un complexo de vivendas. O mesmo modelo que invadiu o litoral mediterráneo trasládase ao litoral atlántico devorando a súa paisaxe, o seu patrimonio cultural e os seus recursos naturais. Os proxectos repártense por toda Galicia: A Mariña, Costa Ártabra, Costa da Morte, Rías Baixas!...

O Parque Nacional das Illas Atlánticas e o turismo náutico

O medio mariño que rodea aos arquipélagos de Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada presenta unha riqueza inigualable. Desde o Padroado do Parque decidiuse controlar o número de embarcacións que visitan estas augas debido á gran afluencia de visitantes. A medida foi moi criticada pola patronal dos Empresarios de Pontevedra, pero apoiada polo Colexio de Biólogos de Galicia quen pediu responsabilidade social e sentido común á Confederación de Empresarios.



Maquinaria traballando na praia de Santa Cristina, A Coruña.

En **Nigrán** (Pontevedra), o proxecto para construír un campo de golf e unha zona residencial ocupará 800.000 m² de monte.

En **Ferrol**, hai un proxecto para crear unha zona lúdica e un campo de golf en Covas, dentro de solo protexido incluído na Rede Natura 2000 europea. Fontes oficiais da Consellería de Medio Ambiente sinalaron que “non existe unha oposición tallante ao respecto”¹¹ e o propio Director Xeral de Turismo da Xunta considera positivo o proxecto. A mercantil Nature Golf SL pretende instalar un campo de golf no Monte de San Xurxo, en **Lobadiz**, entre as praias de Doniños e San Xurxo, co que se ocuparía un hábitat integrado na Rede Natura 2000 europea, o LIC “Costa Ártabra”. O solo, ademais, está cualificado no PXOM de Ferrol como “rústico de espazo natural”.

Actuacións no litoral

Nos dous últimos anos, o Ministerio de Medio Ambiente deslindou (delimitou) 237 quilómetros de dominio público marítimo-terrestre, unha boa medida para impedir a aparición de máis construcións ilegais. Aínda así litorais coma o da Coruña atópanse entre os menos deslindados de toda a península.

O litoral galego está salpicado de multitude de construcións ilegais que foron xurdindo ao longo dos anos sen que ningunha administración fixese moito por evitalo. As denuncias de cidadáns e colectivos ecoloxistas caeron no esquecemento durante moito tempo, aínda que agora parece que, tanto desde a Xunta de Galicia como desde o Ministerio de Medio Ambiente, parecen dispostos a cambiar en algo esta situación.

O ano pasado a Consellería de Política Territorial ordenou a demolición de 212 construcións situadas en dominio público marítimo-terrestre ou en solo rústico e impuxo multas por un valor de 9,4 millóns de euros. Pola súa parte, o Ministerio de Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Costas, tamén anunciou o derribo de vivendas e construcións ilegais que salpican a costa galega. As 47 casetas de Vilarrube, que levaban dúas décadas edificadas ilegalmente, ou o quiosco de Raeiros, tamén



Recheos dun dique en Cangas do Morrazo, Pontevedra.

con case 20 anos de expedientes, desapareceron da costa. Con todo, apréciase que moitos dos plans que presentou o Ministerio de Medio Ambiente en diferentes tramos da costa galega non se enfatiza o desexado na desaparición deste tipo de construcións.

Desde Adegas e a Sociedade Galega de Historia Natural denunciábase o ano pasado que o plan para a rexeneración do Vilar, Esmelle, A Fragata e A Coviña, en Ferrol, esquecía a demolición dos edificios ilegais en dominio público marítimo-terrestre, como construcións de madeira e cemento e un cámping nas Cabezas enriba de un espazo de dunas.

Acabar coa multitude de vivendas e construcións ilegais que xurdiron no litoral galego nas últimas dúas décadas debería ser unha prioridade para o Ministerio de Medio Ambiente.

Quen dixo prevaricación?

Un caso curioso é o da conselleira de Pesca, Carmen Galego Calvar, que ten unha vivenda a 72 metros da beira do mar en Vilaboa dentro da servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre. Esta construción é unha das 80 desta localidade pontevedresa que están nesta situación. A Xunta de Galicia ordenou a demolición do inmovible no ano 2000, seis anos despois de que a Dirección Xeral de Costas abrise un expediente administrativo, pero o derribo nunca se levou a cabo. Na actualidade estase buscando unha “formula xurídica” para resolver este caso, xa que, debido á transferencia das competencias nesta materia, é a mesma Consellería de Pesca quen debe tomar a decisión final sobre o expediente sancionador.

A conquista da costa en Galicia faise a golpe de paseo marítimo. Son innumerables os proxectos que executa a Dirección Xeral de Costas ao longo dos 1720 km de costa gale-

ga e, o seu custo, moi superior aos vinte millóns de euros que o Ministerio de Medio Ambiente destinará este ano á compra de fincas no litoral:

Proxecto	Situación	Importe
Senda marítima entre a praia das Pasadas e San Miguel de Reinante	Barreiros (Lugo)	2 millóns de €
Prolongación de carril bici e paseo marítimo na Marosa	Burela (Lugo)	2.150.000 €
Paseo marítimo Llas-Peizás. Tamén se construíra un aparcadoiro.	Foz (Lugo)	2.300.000 €
Paseo marítimo dos Fondás	Foz (Lugo)	
Remodelación da fachada marítima de Viveiro	Viveiro (Lugo)	1,9 millóns de €
Substitución dunha ponte e paseo peonil litoral no Barqueiro	A Mañón (A Coruña)	1.800.000 €
Paseo marítimo Río Coroño	Boiro (A Coruña)	3 millóns €
Paseo marítimo do Temple	Cambre (A Coruña)	1.270.000 €
Dotación de servizos públicos, instalación de mobiliario urbano, pasarela peonil entre A Couciña e O Rabecho na praia de San Pedro	Carnota (A Coruña)	1,3 millóns €
Segunda fase do paseo marítimo (155 m)	Cee (A Coruña)	475.247 €
Paseo marítimo	Escarabote (A Coruña)	2,6 millóns €
Paseo marítimo de Esteiro	Esteiro (A Coruña)	923.253 €
Segunda fase do paseo marítimo Neda.	Ferrol (A Coruña)	825.404 €
Terceira fase paseo marítimo Neda. Discorre entre unha zona húmida. O paseo marítimo incrementará a presión humana sobre un dos puntos da ría con maior concentración de aves acuáticas	Ferrol (A Coruña)	1,7 millóns de €
Senda litoral en Arteixo	Ferrol (A Coruña)	
Construción dun servizo de praia na Frouxeira	Ferrol (A Coruña)	384.000 €
Segunda fase paseo marítimo Malpica	Malpica (A Coruña)	625.000 €
Senda peonil en Malpica	Malpica (A Coruña)	414.000 €
Senda litoral Malpica-Cabo San Adrián	Malpica (A Coruña)	
Segunda fase do paseo marítimo de Mera	Mera (A Coruña)	1 millón de €
Segunda fase paseo marítimo	Muros (A Coruña)	
Paseo marítimo	O Son (A Coruña)	1,47 millóns €
Paseo marítimo de Perillo (segunda fase)	Oleiros (A Coruña)	856.000 €
Paseo marítimo na Paxaxe	Oleiros (A Coruña)	1.400.000 €
Paseo peonil e senda marítima en Catoira	Catoira (Pontevedra)	1 millón de €
Paseo marítimo de Ponte Sampaio	Pontevedra	900.000 €
Paseo marítimo Tamén se construíra un aparcadoiro	Porto do Son (Pontevedra)	2.368.677 €

Ademais dos paseos marítimos que realiza o Ministerio de Medio Ambiente, as autoridades portuarias tamén se lanzaron á súa construción. En Ferrol, realizarase un de 2,4 km de lonxitude entre o castelo de San Filipe e a batería de San Cristovo. En Vigo, o Plan do Bordo Litoral inclúe a construción doutro paseo por parte da Autoridade Portuaria.

As costas galegas acusan a erosión debida a diferentes actividades humanas que impiden a chegada de area e sedimentos ás súas praias. Este ano o Ministerio de Medio Ambiente rexenerará artificialmente a praia de Barraña (6,5 millóns de euros), as praias da Torre, O Pazo, Tanxil, As Cunchas e Porrón en Rianxo (9,8 millóns de euros), a praia da Concha en Cee

Rede Natura 2000: piscifactorías para protexer?

Galicia é un dos territorios con menos superficie protexida dentro da Rede Natura 2000 e os espazos que se protexen non teñen garantida nin a súa integridade nin a súa conservación. A ameaza en forma de urbanizacións e macropiscifactorías alteran irreversiblemente estes lugares que deberían ser preservados pola administración galega e convertelos nunha fonte de ingresos para os seus habitantes.

O Plan Sectorial de Tecnoloxía Alimentaria da Costa Galega permite a instalación de piscifactorías nos espazos naturais protexidos do litoral. No último Consello da Xunta de Galicia que celebrou o anterior goberno aprobouse, de urxencia, un plan de parques de tecnoloxía alimentaria que multiplicaba por tres o solo destinado á actividade acuícola nos dez próximos anos.

En total, 21 proxectos, 8 novos e 13 ampliacións das plantas existentes, a maioría delas situadas na Costa da Morte. Tras as denuncias dos grupos ecoloxistas, a Xunta de Galicia aceptou revisar os proxectos que invaden Lugares de Interese Comunitario: **Ardía (O Grove), Bico da Ran (Cambados), Hoyo Longo (Ribadeo), Lira (Carnota), Quilmas (Carnota), Cabo Touriñán (Muxía), Punta do Corno (Camarinas) e Meirás (Valdoviño).**

A máis coñecida de todas sexa quizais a xigantesca planta de engorde de rodaballo que Pescanova planeaba situar en **Cabo Touriñán**, finalmente descartada desta situación.

Mención especial merece o caso da piscifactoría de **Rinlo (Ribadeo)**, anterior a este plan, onde unha piscifactoría ameaza o Lugar de Interese Comunitario das Catedrais. Tras a presentación dun contencioso-administrativo paralizáronse as obras de construción desta instalación, pero o pasado mes de febreiro unha sentenza levantaba estas medidas cautelares. No proceso xogou un papel fundamental a presentación dun informe favorable á piscifactoría elaborado pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza a petición de Ramón Álvarez-Cascos, primo segundo do ex-ministro de Fomento. As percebeiras de Rinlo posicionáronse en contra da piscifactoría, xa que consideran que se producirán danos aos bancos de percebe. Un dos datos máis escandalosos deste caso é que os terreos onde se sitúa a planta eran propiedade da Xunta de Galicia, que os vendeu ao prezo de un euro o metro cadrado por adxudicación directa á empresa Acuinor, SL^{III}.

A praia de **Corrubedo**, outro LIC, acolle tamén un proxecto para situar unha planta de acuicultura.

A Directiva de Hábitats, normativa europea que protexe os LICs, só permite realizar actuacións dentro destes espazos para mellorar as súas características e dificilmente pode encaixar unha piscifactoría nesa definición.



Obras de construción do Porto exterior da Coruña.

(475.000 euros) ou a praia de Santa Cristina en Oleiros (1,7 millóns de euros). Unha vez máis, unha cantidade moi elevada de diñeiro que o Ministerio de Medio Ambiente debería destinar á protección efectiva da costa para evitar casos como os das praias de Ares (A Coruña) e Altar (Barreiros), onde foi necesario “reparar” mediante obras de urxencia os nosos litorais debido á erosión que sofren.

A praia de Baldaio e o seu complexo de dunas vense cada ano invadidos por coches e grelladas que non respectan este produtivo e fráxil espazo litoral sen que se poña remedio por parte do Concello de Carballo ou da Demarcación de Costas.

Portos

A finais de xaneiro presentábase un novo proxecto de ampliación do **Porto de Vigo** que suporá a realización de obras de recheo en Bouzas nunha superficie de 220.000 m².

O **Porto exterior da Coruña**, unha das obras portuarias máis irracionais de todo o litoral español, modificou irreversiblemente a Punta Langosteira, o único anaco de costa virxe que quedaba nas proximidades da cidade da Coruña. O desmonte realizado pola empresa Dragados acabou coa Punta e levou 50 hectáreas

de mato e rochedos incluídos no Inventario de Espazos Naturais desta provincia, substituídos agora por enormes bloques de formigón.

Este ano dous traballadores perderon a vida mentres traballaban nas obras do dique auxiliar debido ás durísimas condicións ambientais que se viven en Punta Langosteira. Este accidente vén sumarse á morte dun camioneiro que faleceu o ano pasado ao derrubarse unha barreira de terra e precipitarse o camiión que conducía ao mar. As queixas sobre as medidas de seguridade sucedéronse aínda que os responsables da obra trataron de silencialas ameazando con despedimentos aos traballadores que falasen dos sinistros^{iv}. As obras do porto exterior formaron un novo areal en Sabón debido á gran cantidade de sedimentos que arrastran as fortes correntes desta zona. Os coñecedores da zona alertan de que estes mesmos sedimentos poden chegar a taponar a toma de auga da central térmica da localidade, situacións que non aparecen recollidas no pobre Estudo de Impacto Ambiental elaborado polo Ministerio de Medio Ambiente que acompaña a este proxecto. As obras tamén supuxeron o cese da actividade marisqueira e de pesca na zona.

Outra das grandes ameazas para o litoral galego é a enorme proliferación de **portos deportivos**. No último ano coñecéronse unha

vintena de novos proxectos. Encóntrase en fase de redacción o Plan Director de Portos Deportivos de Galicia, que debería limitar o

número destas instalacións tendo en conta os custos ambientais que provocan e que tradicionalmente foron omitidos.

Portos deportivos

Localidade	Datos
Ría do Cobo, San Cibrao, Cervo (Lugo)	A Dirección Xeral de Costas está realizando estudos.
Boiro, Cabo de Cruz (A Coruña)	Encóntrase en ampliación o porto da localidade (un 635%). Iría acaroado ao porto.
Caión (A Coruña)	
Muxía (A Coruña)	
Razo. Carballo (A Coruña)	
Pescadoira, Bueu (Pontevedra). 350 amarres	Graves afeccións ambientais. Suporá o aterrado de bancos marisqueiros e afectará a varias praias do municipio ^v .
Cambados (Pontevedra). 300 amarres	Reordenación dos peiraos actuais e construción dunha gran zona de ocio e aparcadoiros.
Canido (Pontevedra). 139 amarres	Afecta á praia contigua. Non recolle un programa de vixilancia ambiental.
Catoira (Pontevedra). 411 amarres	
Combarro (Pontevedra). 310 amarres	
O Grove (Pontevedra). 500 amarres	Os pescadores da zona efectuaron fortes protestas polas afeccións deste porto deportivo aos bancos de pesca.
O Salgueirón. Cangas do Morrazo (Pontevedra)	Suporá a destrución dunha importante zona marisqueira. As obras están paralizadas polo Foro Social desde hai oito meses.
Punta Redonda, Miño (A Coruña). 400 amarres	Situaríase a tan só 1,7 km do porto deportivo de Sada, que tamén vai ser ampliado. A súa construción afectaría á praia de Miño, unha das máis visitadas de toda a costa galega.
Zona Franca, Teis. Vigo (Pontevedra). 1.076 amarres	Forma parte dun complexo con vivendas e un parque temático.



Vertidos na praia de Santa Cristrina, A Coruña.

Contaminación

A escasa depuración das augas residuais é un problema coñecido desde hai moito tempo na costa galega e que, ademais, é desatendido polas administracións. Os episodios de contaminación nas rías e no litoral repítense periodicamente poñendo en perigo a impresionante riqueza biolóxica que albergan.

Galicia incumpre a normativa europea en canto a depuración de augas residuais ata uns límites que cruzan a barreira do intolerable. O 40% dos principais núcleos urbanos de Galicia non depuran os seus vertidos e máis de cincuenta municipios que agrupan a 650.000 habitantes verten os seus residuos sen tratar directamente ao mar.

As 18 rías galegas sofren unha acumulación de metais pesados e outros contaminantes. Chumbo, zinc, ferro, tributil estaño, cadmio, hidrocarburos, cal, plásticos ou cinzas en altas doses alfombran as rías e empobrecen irreversiblemente as súas riquezas naturais.

En Lugo, **Viveiro, Foz, Cervo, Ribadeo ou Burela** non cumpren os requisitos de depuración marcados por Europa

A ría do Burgo recibe os residuos fecais da **Coruña, Oleiros, Culleredo e Cambre** sen pasar

por ningún tipo de depuración, o que provoca que praias como a de Santa Cristina teñan que ser pechadas ao baño por contaminación. **Ferrol**, con 150.000 habitantes, verte diariamente as súas augas residuais ao mar e a situación non cambiará ata 2009. **Noia, Carnota, Muros, Ribeira ou Porto do Son** carecen de sistemas de depuración. Na Costa da Morte, **Fisterra e Camariñas** son as máis afectadas pola falla de depuración, as súas augas fecais acaban directamente na ría.

No litoral da Coruña destaca tamén o caso da refinaría de Repsol na cala de Bens pola súa gravidade. O Servizo de Protección da Natureza (Seprona) da Garda Civil constatou que o recinto da petroleira non dispón de sistemas de contención adecuados e que tampouco existen sistemas de protección no río a pesar de que alí se concentran numerosas tubaxes por onde circulan os hidrocarburos. Os vertidos desde a refinaría son periódicos, pero ninguén fai nada por remedialos.

A **ría de Corcubión** sofre problemas de contaminación por hidrocarburos que están afectando de forma moi grave os seus bancos de marisco. Os constantes vertidos que ao parecer proveñen do porto de Cee e da factoría Ferroatlántica obrigan a cerrar as praias ao marisqueo, unha situación que se repite con demasiada frecuencia. As mariscadoras denunciaron que, pese á prohibición, existen



O marisqueo esta a sufrir os efectos da contaminación.

furtivos que recollen ameixas que posteriormente venden para consumo humano. Tamén denunciaron que a Xunta de Galicia non fixo nada desde que se detectou a presenza de hidrocarburos na ría no ano 2003. Greenpeace demandou que se proceda á limpeza da ría.

En Pontevedra, **Catoira, Poio, O Grove, Baiona, Cambados, Vilagarcía de Arousa, Tui ou Caldas de Reis** incumpren os requisitos europeos. Na **enseada de Umia-O Grove**, unha zona de elevado interese ecolóxico, a Consellería de Medio Ambiente detectou 70 puntos de vertido, tanto industriais coma urbanos.

A **ría de Vigo** é unha das máis afectadas polos vertidos industriais sen depurar e as augas residuais das localidades da zona. Os científicos estiman que o volume e a frecuencia de vertidos provocan uns niveis de contaminación “inadmisibles”. A finais do ano pasado, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea condenaba a España por non adoptar un programa de redución da contaminación nesta ría.

En **Cambados** creouse unha fronte social contra os vertidos da man das mariscadoras. O mal funcionamento da depuradora é constante e os vertidos contaminantes sucédense.

“As mutacións xenéticas provocadas pola contaminación non só se orixinan en Springfield, zona residencial dos Simpson, onde os peixes amarelos de tres ollos campan ás súas anchas. Sen botar man dos debuxos animados, no propio río Frixeiro de Narón os científicos encontraron troitas con xiba debido ao mal estado das súas augas”.

P. Hermida. *El Correo Gallego*, 17.02.06 (tradución)

Ligazóns de interese


Adega Galiza:
www.adegagaliza.org

Foro social pola defensa do pobo.
Cangas de Morrazo:
www.cangasnosevende.org

Salvemos Monteferro:
www.salvemosmonteferro.org

Sociedade Galega de Historia Natural:
www.arrakis.es/~alcrique/sghn.htm



Puntos negros no litoral galego. *Lugo*



Lugo

1. Ribadeo. Hoyo Longo: piscifactoría en LIC (en revisión). Rinlo: piscifactoría en LIC. Incumpre a normativa de depuración de augas residuais.
2. Foz. Incumpre a normativa de depuración de augas residuais.
3. Burela. Incumpre a normativa de depuración de augas residuais.
4. Cervo. San Cibrao. Porto Deportivo. Incumpre a normativa de depuración de augas residuais.
5. Viveiro. Suspensión das normas urbanísticas por ilegalidade. Incumpre a normativa de depuración de augas residuais.

Puntos negros no litoral galego. A Coruña





A Coruña

- 6. Ortigueira. Construción de 65.000 vivendas Aumento da edificabilidade nun 1.230%.
- 7. Valdoviño: piscifactoría en LIC (en revisión).
- 8. Ferrol. Covas: campo de golf en LIC. Lobadiz: campo de golf en LIC. Paseo marítimo nunha zona húmida. Carece de depuradora de augas residuais.
- 9. Mugardos. Aumento da edificabilidade en máis dun 200%.
- 10. Perbes-San Xoán de Vilanova. Urbanización de FADESA causou danos a bancos de marisco.
- 11. Miño. Porto deportivo.

- 12. Sada. Aumento da edificabilidade en máis dun 600% (31.481 vivendas). Suspensión das normas subsidiarias de urbanismo por especulación e *amiguismo*. Porto deportivo.
- 13. Oleiros. Carece de depuradora de augas residuais.
- 14. A Coruña: construción de porto exterior. Carece de depuradora.
- 15. Culleredo. Carece de depuradora de augas residuais.
- 16. Caión. Porto deportivo.
- 17. Carballo. Razo: porto deportivo.
- 18. Camariñas. Punta do Corno: piscifactoría en LIC (en revisión). Carece de depuradora de augas residuais.
- 19. Muxía. Sobre o plan urbanístico recaen sospeitas de corrupción. Porto deportivo.

- 20. Corcubión. A ría sofre contaminación por hidrocarburos.
- 21. Fisterra. Carece de depuradora de augas residuais.
- 22. Carnota. Lira: piscifactoría en LIC (en revisión). Quilmas: piscifactoría en LIC (en revisión). Carece de depuradora de augas residuais.
- 23. Muros. Carece de depuradora de augas residuais.
- 24. Outes. Aumento da edificabilidade en máis dun 200%.
- 25. Noia. Carece de depuradora de augas residuais.
- 26. Porto do Son. Carece de depuradora de augas residuais.
- 27. Caamaño. Urbanización invadindo LIC.
- 28. Corrubedo. Piscifactoría en LIC.
- 29. Ribeira. Aumento da edificabilidade en máis dun 200%.
- 30. A Pobra do Caramiñal. Aumento da edificabilidade nun 200%.
- 31. Boiro. Ampliación porto deportivo.

Puntos negros no litoral galego. *Pontevedra*



Pontevedra

32. Catoira. Porto deportivo. Incumpre requisitos europeos de depuración de augas residuais.
33. Vilagarcía de Arousa. Incumpre requisitos europeos de depuración de augas residuais.
34. Illa de Arousa. Aumento da edificabilidade de máis do 200%.
35. Cambados. Bico da Ran: piscifactoría en LIC (en revisión). Porto deportivo. Incumpre requisitos europeos de depuración de augas residuais.
36. Meaño. Construción de 21.818 vivendas. Aumento da edificabilidade dun 1.000%.
37. O Grove. Ardía: piscifactoría en LIC (en revisión). Porto deportivo. Incumpre requisitos europeos de depuración de augas residuais.

38. Poio. Incumpre requisitos europeos de depuración de augas residuais.
39. Sanxenxo. 1.200 vivendas ilegais. Construción de 7.000 novas vivendas.
40. Combarro. Porto deportivo.
41. Bueu. Porto deportivo.
42. Cangas do Morrazo. 6.000 vivendas e un porto deportivo na ría de Aldán.
43. Vigo. 144.000 vivendas. Ampliación do porto con obras de recheo. A ría de Vigo recibe vertidos urbanos e industriais sen depurar.
44. Canido. Porto deportivo.
45. Baiona. Incumpre requisitos europeos de depuración de augas residuais.

ⁱ “Golf en Nigrán: mámoas no green”. Adegas 2006. www.adega.info.

ⁱⁱ La Voz de Galicia. 4.05.06

ⁱⁱⁱ “Levantada a paralización cautelar da piscifactoría de Rinlo”. Adegas. Febreiro 2006.

^{iv} La Opinión da Coruña. 17.02.06

^v Diagnóstico dos danos causados polas obras portuarias no litoral buenense. Anduxía. Febreiro 2006.